



CIRCULAR 51-2023. **CONTROL FGA – MARCHA EN PISTA 22/04/2023**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Control de Marcha en Pista o día 22 de abril de 2023, nas pistas de atletismo da USC (Santiago de Compostela).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza na presente tempada pola FGA.

- A admisión realizarase por criterio de marcas e estará supeditada a que se poida garantir o inicio das probas do Cto de Galicia de Clubs Absoluto en hora, así como á normativa para probas mixtas.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do luns 17 de abril.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023.
- Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Pasadas 24 horas da publicación de atletas admitidos, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición.

Art.4).- Horario Provisional:

Poderá sufrir modificacións co fin de garantir o cumprimento da normativa para probas mixtas.

| CONTROL FGA - MARCHA EN PISTA | | |
|--------------------------------------|--------------|----------------------------|
| HORA | PROBA | CATEGORÍA |
| 10:30 | 3000 Marcha | Sub 14 Homes e Mulleres |
| 10:55 | 3000 Marcha | Sub 16 Mulleres |
| 11:20 | 5000 marcha | Homes e Mulleres |

Art.5) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 10' antes da hora oficial da proba.

Saída a pista → 5' antes da hora oficial da proba.

Os/As atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar os 2 dorsais outorgados pola organización, de forma totalmente visible no peito e nas costas.

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato, calquera baixa ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA a competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 10 de abril de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo